

Resolución reitoral do 30 de abril de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras da 1.ª edición do Programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025” e se procede a súa convocatoria para o curso 2024/25

PREÁMBULO	2
CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS	2
Artigo 1. Obxecto das bolsas	2
Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes.....	2
Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento	2
CAPÍTULO II. SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN	3
Artigo 4. Presentación de solicitudes	3
Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes.....	3
Artigo 6. Documentación requirida	3
Artigo 7. Listaxe provisional e definitiva de persoas admitidas e excluídas.....	4
Artigo 8. Avaliación de solicitudes e proposta de resolución.....	5
Artigo 9. Adxudicación e prazo de reclamacións.....	5
CAPÍTULO III. ACEPTACIÓN DAS BOLSAS E PAGAMENTO	6
Artigo 10. Aceptación das bolsas.....	6
Artigo 11. Pagamento das bolsas	6
CAPÍTULO IV. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTOS	7
Artigo 12. Incompatibilidades.....	7
Artigo 13. Obrigas.....	7
Artigo 14. Incumprimentos	8
CAPÍTULO V. COMISIÓN DE SELECCIÓN	9
Artigo 15. Comisión de selección.....	9
Artigo 16. Interpretación	9
CAPÍTULO VI. PROTECCIÓN DE DATOS	9
Artigo 17. Protección de datos	9
Disposición adicional primeira. Información.....	11
Disposición final primeira. Recursos.....	11
Disposición final segunda. Eficacia	12

PREÁMBULO

De acordo co documento de adhesión asinado entre o Banco Santander S. A. e a Universidade da Coruña, convócase a 1.^a edición do Programa de Bolsas Santander Complemento de Prácticas 2025.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto das bolsas

Estas bolsas enténdense en concepto de axuda complementaria que recibirá cada alumno/a beneficiario/a para contribuír a sufragar os custos derivados da realización de prácticas profesionais externas xa realizadas, en proceso ou pendentes de realización xa sexan curriculares ou extracurriculares durante o 2025.

Artigo 2. Requisitos das persoas solicitantes

Pode solicitar a bolsa o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado/a a tempo completo na Universidade da Coruña, no curso 2024/25 nun grao, posgrao ou mestrado universitario oficial.
- b) O alumnado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a condición de residente, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.
- c) Ter realizadas as prácticas obxecto deste programa, estar a realizalas ou ter sido seleccionado/a, no momento da inscrición, para realizar unha práctica profesional externa curricular, extracurricular da UDC no ano 2025, xa sexa remunerada xa sexa non remunerada.
- d) Facer unha dobre inscrición:
 - i. estar inscrito/a na plataforma de bolsas do Santander correspondente ao “Programa de Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 1.^a Edición 2025” cuxa ligazón se indica no artigo 4.1 desta convocatoria, e
 - ii. estar inscrito/a na UDC a través dun formulario cuxa ligazón se indica no artigo 4.2. e achegar na solicitude a documentación descrita no artigo 6 desta convocatoria.

Artigo 3. Número de bolsas, contía e financiamento

- a) Nesta 1.^a edición do Programa, a UDC e o Banco Santander convocan **170 bolsas** para o estudantado segundo os requisitos que establece esta convocatoria.
- b) Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de **85.000 €**, financiados polo Banco Santander dentro do convenio asinado coa UDC e irán con cargo á partida orzamentaria **030A.25.00.05 422D 48000**. A contía bruta de cada bolsa será de **500 €**.
- c) Se fose o caso de que non se cubrisen as 170 bolsas de complemento das prácticas que se ofrecen nesta 1.^a edición, sumaríanse ás correspondentes da 2.^a edición, que se convocarán no inicio do curso 2025/26 para o estudantado matriculado nese curso.

CAPÍTULO II. SOLICITUDE E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

Artigo 4. Presentación de solicitudes

O estudantado que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria deberá tramitar a solicitude da bolsa na plataforma de bolsas do Banco Santander e no formulario de inscrición da UDC segundo o seguinte procedemento:

1. Realizar o rexistro previo na plataforma de bolsas do Banco Santander, na convocatoria específica para estas bolsas. A ligazón da plataforma do Santander para solicitar este Programa é:

<https://app.santanderopenacademy.com/es/program/complemento-a-las-practicas-2025-i-edicion>

2. Presentar a solicitude na UDC cubrindo o formulario en liña dispoñible no seguinte enderezo web:

<https://www.udc.es/emprego/bolsas-complementos-practicas/>

O procedemento é integramente telemático.

Artigo 5. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes ou de inscrición neste programa estenderase desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC (TEO) até o día 26/05/2025 (ás 23:59 h).

Artigo 6. Documentación requirida

Na inscrición pola parte da UDC, cuxa ligazón se indica no artigo 4.2, o estudantado solicitante deberá achegar a seguinte documentación:

- a) DNI en vigor. No caso de cidadáns doutros países, o documento de identificación de estranxeiros (NIE). Non será válida a solicitude con pasaporte.
- b) O estudantado estranxeiro non comunitario deberá acreditar a súa condición de residente de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España.
- c) De ser o caso, a credencial de concesión da bolsa do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes (MEFPD) no curso 2024/2025.
- d) De ser o caso, o certificado de discapacidade igual ou maior ao 33 % e o anexo I da convocatoria enchido e asinado.
- e) O certificado vinculado á realización de prácticas externas curriculares, extracurriculares, remuneradas ou non, obxecto desta convocatoria (2025). Este certificado deberá estar asinado pola persoa titora académica, no modelo que figura como Anexo II desta convocatoria, segundo as seguintes casuísticas:
 - i. certificado de ter feito as prácticas externas;
 - ii. certificado de que se están a realizar prácticas externas, ou ben,
 - iii. certificado de ter sido seleccionado/a para realizar as prácticas externas.
- f) A inscrición por parte da UDC inclúe o apartado de “Declaración responsable”, que o estudantado solicitante ten que aceptar.
- g) A certificación do expediente académico dos estudos de grao e, no caso de estudos de máster oficial, a certificación do grao que lle deu acceso; en ambos os casos calculada en base 10. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, ademais do certificado do expediente académico en que conste a cualificación mínima aprobatoria, débese presentar asinado o documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos realizados aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes:

https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias

Poderá requirírselles ás persoas solicitantes a presentación da documentación orixinal.

Artigo 7. Listaxe provisional e definitiva de persoas admitidas e excluídas

1. Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Unidade de Emprego da Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade (VEE) procederá á súa revisión para comprobar que cumpran os requisitos establecidos nos artigos 2 e 4 e publicará no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC unha listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto cos motivos da súa exclusión.

2. A partir do día seguinte á publicación da listaxe provisional no TEO, abrírase un prazo de cinco días hábiles para corrixir erros ou falta de documentación a través do correo electrónico emprego.vee@udc.gal co asunto “Reclamación Bolsas Complementos de Prácticas UDC-Santander”. Transcorrido o prazo sen que se emenden os erros ou se envíe a documentación indicada, considerarase que a persoa afectada desiste da súa solicitude.
3. A Unidade de Emprego da VEE publicará no TEO a listaxe definitiva de persoas admitidas e, de ser o caso, a listaxe de agarda.

Artigo 8. Avaliación de solicitudes e proposta de resolución

- 1- A avaliación de solicitudes realizarase segundo os seguintes criterios:
 - a) A nota media do expediente académico.
 - b) Ter unha discapacidade igual ou superior ao 33 %, debidamente xustificada mediante a presentación do certificado oficial correspondente.
 - c) Ter sido beneficiario/a dunha bolsa socioeconómica do Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes no curso 2024/25.
 - d) Terán prioridade as persoas solicitantes que cumpran cos criterios b) e/ou c). No caso de non haber solicitantes que cumpran estes criterios, as bolsas asignaranse a aquel alumnado que teña o mellor expediente académico, en orde de prioridade.
 - e) Logo da aplicación dos criterios anteriores, a asignación das bolsas realizarase coa seguinte prelación segundo a tipoloxía da práctica para a que solicitan a bolsa:
 1. Prácticas curriculares non remuneradas
 2. Prácticas extracurriculares non remuneradas
 3. Prácticas curriculares remuneradas
 4. Prácticas extracurriculares remuneradas
- 2- A Unidade de Emprego da VEE elaborará unha proposta de resolución das bolsas coa listaxe do estudantado adxudicatario e, de existir, a listaxe de agarda que se aplicará nos casos de renuncias. Esta proposta será publicada no TEO da UDC.
- 3- As persoas candidatas disporán dun prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO, para presentar unha reclamación a través do Rexistro Electrónico da UDC (https://sede.udc.gal/services/telematic_register), dirixida a Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.

Artigo 9. Adxudicación e prazo de reclamacións

1. A Comisión de Selección resolverá as reclamacións e remitirá unha proposta de adxudicación á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade que ditará a resolución de adxudicación definitiva, que se publicará no TEO da UDC con data límite do 19/06/2025.
- 2- As persoas adxudicatarias da bolsa deberán aceptala segundo se indique na resolución definitiva e no artigo 10 desta convocatoria.
- 3- Contra esta resolución, que pon fin ao proceso administrativo, poderá presentarse un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2025, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contarse dende o día seguinte á súa publicación no TEO.

CAPÍTULO III. ACEPTACIÓN DAS BOLSAS E PAGAMENTO

Artigo 10. Aceptación das bolsas

1. As persoas adxudicatarias deberán confirmar obrigatoriamente a súa aceptación coa data límite do 27/06/2025 ás 23:59 h. Esta aceptación terá que realizala o alumnado beneficiario por dúas vías :
 - i. aceptación da bolsa na plataforma de Bolsas do Santander, e
 - ii. aceptación da bolsa para a UDC, segundo o indicado na resolución da adxudicación definitiva.
2. No caso de non aceptar a bolsa dentro do prazo establecido, entenderase que a persoa renuncia e non se lle aboará a bolsa.
3. Se todas as bolsas fosen outorgadas e algunha persoa non confirmase a súa aceptación a través da plataforma de bolsas do Santander ou do xeito que se estableza para a UDC, a Universidade terá un prazo de cinco días hábiles para reasignar esas bolsas ao estudantado que estea na listaxe de agarda consonte os criterios de selección establecidos no artigo 8 desta convocatoria.
4. As novas persoas adxudicatarias, logo de seren notificadas por parte da UDC, disporán de tres días hábiles para completar a súa aceptación tanto na plataforma de bolsas do Santander como no sitio correspondente arbitrado pola UDC, que se indicará na resolución de adxudicación das bolsas.

Artigo 11. Pagamento das bolsas

1. O importe da bolsa será aboado pola UDC mediante unha transferencia bancaria na conta indicada pola persoa adxudicataria da bolsa.
2. A conta bancaria debe ser persoal e estar debidamente acreditada cun certificado de titularidade bancaria correctamente cuberto, asinado e selado polo banco ou ben, o correspondente certificado obtido a través da banca en liña (se fose o caso).
3. A conta bancaria deberá estar rexistrada na Sede Electrónica da UDC, con data límite do 27/06/2025, no apartado de “Xestión de terceiros”:

https://sede.udc.gal/services/procedures/ECO_003/xestion_terceiros/new

CAPÍTULO IV. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTOS

Artigo 12. Incompatibilidades

1. A percepción da bolsa obxecto do Programa será compatible coa de calquera outro tipo de axuda de carácter asistencial á que poida acceder o/a estudante que sexa de natureza distinta, calquera que for a súa orixe, pública ou privada. Serán incompatibles coas bolsas da Fundación Empresa-Universidade Galega FEUGA, Fundación Universidade da Coruña (FUAC), Fundación Universidad Empresa (FUE) ou outras de carácter similar para a mesma finalidade
2. Non será compatible coa percepción de salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou calquera tipo de ingresos percibidos pola prestación de servizos profesionais ou a realización dun traballo remunerado, cando supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao 30 % do salario mínimo interprofesional no curso académico.
3. Non poderá encontrarse nalgunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 13. Obrigas

Sen prexuízo do resto de obrigas e dereitos que se establezan nesta convocatoria, o alumnado adxudicatario terá que cumprir coas seguintes obrigas:

- a) Inscribirse na plataforma de Bolsas Santander e na plataforma da UDC segundo o prazo establecido e o indicado no artigo 4.1 e 4.2.
- b) Aceptar a bolsa na plataforma de bolsas do Santander e no sitio correspondente indicado para a UDC dentro do prazo establecido e segundo o disposto no artigo 10.

- c) Presentar o certificado de titularidade bancaria segundo o establecido para este caso na resolución da adxudicación das bolsas. No caso que a persoa adxudicataria non dispoña dunha conta debidamente acreditada e/ou que non se rexistre segundo o indicado na devandita resolución dentro do prazo indicado, considerarase que a persoa adxudicataria renuncia á bolsa concedida, polo que se lle asignará á seguinte persoa da listaxe de agarda.
- d) No caso de que a práctica non tivese rematado no prazo de solicitude da bolsa, deberán presentar o correspondente certificado de finalización da práctica no prazo de 10 días hábiles desde a data final da práctica, polo medio que se indicará na resolución definitiva de adxudicación.
- e) As persoas bolseiras están obrigadas a comunicarlle á Unidade de Emprego UDC (emprego.vee@udc.gal) da VEE a súa renuncia ás bolsas se durante o proceso:
 - a. se producisen cambios na súa situación que fosen incompatibles coa percepción da bolsa segundo se establece no artigo 12,
 - b. cause baixa das prácticas que está a realizar
 - c. ou que a pesar de estar seleccionada polo seu centro non chegue a iniciais
 - d. ou non chegue a rematalas.

No documento de renuncia, que figurará na resolución da adxudicación das bolsas, é obriga da persoa adxudicataria da bolsa explicar as razóns da súa renuncia. A presentación da renuncia implicará que non se realice o ingreso do importe da bolsa de non telo percibido xa no momento da renuncia ou o deber de reintegralo non caso de telo percibido.

Artigo 14. Incumprimentos

- 1. A presentación da solicitude implica a aceptación destas bases. Calquera incumprimento neste sentido suporá a devolución da bolsa recibida.
- 2. O incumprimento do prazo de aceptación da bolsa tanto a través do sitio web de bolsas do Santander como no sitio correspondente á UDC suporá a anulación da adxudicación.
- 3. O incumprimento da presentación dentro do prazo, establecido no artigo 11, do certificado de titularidade bancaria e do rexistro da conta persoal do alumnado beneficiario en “Xestión de terceiros” na Sede Electrónica da UDC, suporá a anulación da adxudicación.

4. O incumprimento das obrigas indicadas nas bases desta convocatoria e/ou nas bases reguladoras do Banco Santander determina que o estudantado afectado terá que devolver a contía da bolsa de tela percibido.

CAPÍTULO V. COMISIÓN DE SELECCIÓN

Artigo 15. Comisión de selección

A comisión de selección estará composta polas seguintes persoas:

- Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade
- Vogal 1: José Luís Añón Teijido, adxunto á Vicerreitoría de Estudantes e Empregabilidade.
- Vogal 2 : Ana Beatriz Rivera Cores, persoal técnico da Unidade de Emprego UDC da VEE
- Vogal 3: Francisco Enrique Blanco Ameijenda, representante do estudantado
- Secretaria: Pilar Feal Rodríguez, persoal técnico da Unidade de Emprego UDC da VEE

Artigo 16. Interpretación

A comisión de selección está habilitada para interpretar e resolver cantas cuestións xurdan da aplicación desta resolución, e procederá, se é preciso, a propoñer á vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade a publicación das instrucións necesarias para o seu desenvolvemento e cumprimento.

CAPÍTULO VI. PROTECCIÓN DE DATOS

Artigo 17. Protección de datos

De conformidade co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPd), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), infórmase de que os datos facilitados na concorrência a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <rpdc@udc.gall>.

A UDC será responsable de verificar o cumprimento dos requisitos expostos nesta convocatoria sobre a base dos datos persoais da persoa solicitante da bolsa que está dispoñible na propia UDC.

A finalidade do tratamento dos datos persoais da persoa solicitante é a xestión das bolsas que se regulan nesta convocatoria e a utilización dos seus datos de contacto para a comunicación doutras accións relacionadas coa Unidade de Emprego que poidan considerarse do seu interese. A presentación da solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan tratados pola UDC, de acordo coa LOPD e con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPd, coas finalidade indicadas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD

No caso de que a UDC teña que recompilar información persoal particularmente sensible das persoas candidatas, incluído calquera certificado ou documentación que a UDC considere necesarios, farao de acordo coas regulación aplicables con respecto á protección de datos persoais vixentes. Estes documentos serán custodiados exclusivamente pola UDC.

A UDC non proporcionará ningún dato persoal sensible das persoas candidatas ao Banco Santander S.A. nin a ningunha das súas subsidiarias. A UDC non proporcionará ningún dato, indicio ou documento que lle poida permitir ao Banco Santander S.A. ou a calquera das súas subsidiarias a posibilidade de deducir/inferir ou identificar dalgunha forma calquera dato persoal sensible. Desta maneira, nin o Banco Santander nin ningunha das súas subsidiarias, poderán saber que as persoas bolseiras teñen unha axuda para estudantes en contornas desfavorecidas e/ou presenten unha discapacidade.

Coa súa participación nesta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con algunha das outras bases de lexitimación que figuran no artigo 6 RXPd. Ten dereito a solicitar á persoa responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión

dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado “Outros trámites”.

b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Mestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <rpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de protección de datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <dpd@udc.gal>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Do mesmo xeito, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar no seguinte enderezo web:

<www.becas-santander.com/es/legal/privacy>

Disposición adicional primeira. Información

Poderá obterse máis información sobre esta convocatoria na Unidade de Emprego UDC da VEE (<emprego.vee@udc.gal>)

Campus da Coruña

Campus de Ferrol

Tlfnos:

Tlfnos:

881 01 29 03

881 01 36 17

881 01 29 16

881 01 36 18

881 01 36 16

Disposición final primeira. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase presentar un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o xulgado competente do contencioso-administrativo, de acordo co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo,

reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Tamén se poderá presentar, de maneira opcional, un recurso de reposición ante o reitor, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Ambos os prazos comezarán a contar desde o día seguinte á súa publicación no TEO.

Disposición final segunda. Eficacia

Esta resolución producirá efecto a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Estudantes e Empregabilidade

ANEXO I. Cláusula de protección de datos asociada ao Programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025”

De conformidade co disposto no Regulamento xeral de protección de datos 679/2016, informamos de que os seus datos persoais serán tratados pola Universidade da Coruña, con sede na Mestranza, 9, 15001 A Coruña, co NIF Q6550005J, e enderezo de contacto na Sección de Bolsas, Pavillón de Estudantes, campus de Elviña, 15071 A Coruña, en calidade de responsable do tratamento coa finalidade de xestionar a súa candidatura ao Programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025” (a partir de agora o Programa) que se lles ofrece a persoas candidatas cun certo grao de discapacidade coa función de fomentar a formación e empregabilidade das persoas con discapacidade. É, por tanto, necesario que as persoas candidatas a algunhas das bolsas do Programa acrediten legalmente a súa discapacidade, pola contra, non poderán ser beneficiarias destas. A base xurídica que habilita a Universidade para o tratamento deste tipo de datos de carácter sensible é o consentimento expreso da persoa candidata para o tratamento dos seus datos de saúde, polo que este consentimento é obrigatorio para poder ser candidata a determinadas bolsas do Programa. Os seus datos persoais de saúde non serán cedidos pola Universidade a terceiros salvo por obrigaón legal.

Adicionalmente, indicámoslle que os seus datos persoais se conservarán unicamente ata que se xestionen as candidaturas ao Programa e que posteriormente se conservarán bloqueados durante os prazos establecidos legalmente para atender as posibles responsabilidades que xurdan do seu tratamento.

Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos e limitación ou oposición ao seu tratamento a través do enderezo electrónico: emprego.vee@udc.gal.

En calquera caso, as persoas interesadas sempre poderán acudir ante a Axencia Española de Protección de Datos, autoridade de control en materia de protección de datos, <http://www.agpd.es>.

☐ Consinto que a miña universidade trate os meus datos de discapacidade (considerados datos de saúde), coa finalidade de xestionar a convocatoria correspondente ao **programa “Bolsas Santander Complemento ás Prácticas Profesionais 2025”**.

_____, ____de____de ____

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura:

Pode descargar este documento para o seu enchido e sinatura na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/emprego/bolsas-complementos-practicas/>

ANEXO II: Modelo de certificación das prácticas obxecto da bolsa

Don/dona....., titor/a de prácticas da
Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que segundo os datos que constan en don/dona. NOME e
APELIDOS....., con NIF

- ☐ Realizou as prácticas externas
- ☐ Está a realizar as prácticas externas
- ☐ Foi seleccionado/a para realizar as prácticas externas

Asinado na Coruña na data da sinatura dixital.

Pode descargar este documento para o seu enchido e sinatura na seguinte ligazón:

<https://www.udc.es/emprego/bolsas-complementos-practicas/>